



Regulamento de Réxime Interno da Asemblea do Estudiantado da Facultade de Física

Este Regulamento foi deseñado e aprobado pola Asemblea ca fin de evitar manipulacións por parte de grupos ou individuos. Nel descríbese como ten que ser convocada unha asemblea e como debe de transcorrer pra que poida reclamarse lexítima.

1. É membro da Asemblea do Estudiantado da Facultade de Física calquera estudante ou bolseiro da Facultade. Nengunha outra condizón poderá ser esixida pra participar nela con plenos dereitos.

Das convocatorias:

2. A Asemblea considerarase formalmente consituída e con potestade de tomar decisións lexítimas cando se cumpran as seguintes condicións:
 1. Que sexa convocada por calquera dos seus membros mediante anuncio escrito pegado na metade das portas das aulas da Facultade (e de edificios anexos e ampliacións).
 2. Que a convocatoria se realice como mínimo con tres días lectivos de antelación.
 3. Que a convocatoria conteña, como mínimo, a seguinte información: lugar, data e hora de celebración e orde do día. Calquera asunto que se trate na Asemblea sen estar incluído na orde do día terá carácter meramente informativo e non poderá dar lugar a decisións lexítimas.
3. Poderán incumprir estas condicións as Asembleas convocadas con carácter meramente informativo por motivo de urxencia. En todo caso, a convocatoria deberá ser igualmente pública e non poderán tomarse decisións no nome da Asemblea.

Do funcionamento:

4. Unha vez constituída, a Asemblea designará un moderador por aclamación popular e pasará a debater os puntos da orde do día.
5. Os turnos de palabra serán abertos, salvo que se acorde o contrario para evita-la excesiva duración dos debates. En todo caso, todo membro terá dereito a tomar a palabra se é aludido directamente pola intervención doutro, aínda que se pechasen os turnos de palabra e non solicitase falar previamente.

Da língua:

6. En cumprimento do [Estatuto de Autonomía](#) (artigo 5.3), da [Lei de Normalización Lingüística](#) aprobada polo Parlamento Galego (artigo 4.1) e os [Estatutos da USC](#) que establecen que "*O galego é a língua propia da Universidade*", así como do Regulamento do Uso do Galego, todas as comunicazóns escritas (declarazóns, cartaces, propostas, iniciativas, panfletos informativos, documentos internos...) que emanen da Asemblea realizaranse en galego. A normativa será elixida polo autor material da comunicazón. En colaboración con este espírito a Asemblea comprométese a normaliza-lo uso oral do galego no seu funcionamento como parte da comunidade universitaria e para exemplo e prestixio da nosa língua.

Das iniciativas e votazóns:

7. Toda iniciativa presentada perante a Asemblea deberá ser defendida por unha persoa que esté disposta a responsabilizarse da súa realización.
8. As iniciativas deberán de presentarse preferentemente por escrito.
9. A Asemblea poderá modificar as iniciativas presentadas perante ela antes da súa aprobación. Se a persoa que presentou a iniciativa considera que unha modificación en debate vai en contra do espírito daquela, poderá negarse a responsabilizarse da súa realización. Dita negativa deberá de expresarse antes de votar a modificación, e se se continuara con ela se algun outro membro se manifesta disposto a levar a cabo a iniciativa modificada. As distintas modificacións propostas deberán de votarse por separado.
10. As votazóns serán a man alzada, debendo estar escrita na pizarra nese intre a parte da iniciativa que está a se votar, así como tódalas outras opzóns. Para a aprobación da proposta será dabondo ca maioría simple.
11. Unha vez aprobada a iniciativa, poderá elixirse un grupo de persoas que se encarguen da súa realización, sendo necesariamente a persoa que realizou a proposta o seu coordinador.
12. No caso das Asembleas constituídas regularmente, recoméndase que a orde do día conteña un punto onde se analicen os resultados da iniciativa ou iniciativas en curso, incluíndose nese punto a petición de explicazóns á persoa ou persoas responsables se fose necesario.

Das asociacións de estudantes:

13. Sendo o dereito de asociación un dereito básico e irrenunciable das persoas, non se impedirá por nengún medio a participazón normal dos membros de asociacións estudantís na Asemblea. Asemade, a Asemblea escoitará e debatirá normalmente calquera proposta que unha organización queira someter á súa aprobación, fomentando dese xeito o seu papel natural como foro común a todas as sensibilidades e liñas de pensamento.

Da modificación do regulamento:

14. Será preciso para a modificación deste regulamento unha maioría do 90% da Asemblea.

Este regulamento foi aprobado unánimemente pola Asemblea de Estudantes de Física en Xuño do 2004.